

Ideas para o

Nadal

- Agasallar a alguén cun doce que cocifamos xuntos
- Cunha caixa de cartón: facer unha cocifia, un barco, un camión, unha nave espacial, un aparcadoiro para coches, un tobogán...
- Agasallar a alguén con pasar unha tarde na natureza e medrar
- Saír de paseo, recoller materiais naturais e facer un cadro
- Ir cantar os Reis
- Facer unha chocolatada coas veciñas e vecinos e despois bailar, cantar...
- Mercar en postos de comercio local ou comercio xusto



Teñen demasiados xoguetes?

Vivimos nun mundo que vai á présa: da casa ó traballo, do traballo á escola, da escola á casa, limpar, cocifiar, saír... Unha chea de actividades que é necesario realizar, pero que fan que quede moi pouco tempo para as fillas e fillos. Ante esta situación, e coa mellor das intencións, é habitual agasallalos constantemente con xoguetes e outros obxectos.

Estes presentes fan que se entreteñan un anaco, pero vemos como axiña perden a curiosidade e o interese por iso que acabamos de lles regalar. Nas datas sinaladas, como aniversarios ou Nadal, medra este efecto e familiares e amigos fan que nenas e nenos se xunten cunha morea de agasallos dos que

case non teñen tempo de disfrutar.

Este exceso fai que antes ou despois, nenas e nenos van deixar de valorar moi pouco o que teñen, xa que non precisan esforzarse para conseguir o que queren; sempre agardarán un novo obsequio e nunca se sentirán satisfeitos.

Que precisan realmente?

Nenas e nenos precisan a presenza dos proxenitores, sentírense seguros e atendidos, saber que hai momentos para xogar xuntos, dar un paseo, apañar castañas ou estar diante do lume simplemente disfrutando da compañía mútua. Precisan xogar, tanto como alimentarse ou moverse, pero xogar non pode ser sinónimo de mercar. Xogar

implica descubrir, explorar, investigar, luxarse, observar, camiñar, trepar, saltar, bailar, cantar... e para todo iso teñen que poder xogar libremente, pero sentindo a nosa presenza, o cariño e o coitado.

Dentro da familia (nai, pai, irmáns e tamén avoa, avó, curmás, tíos...) vaise conformando o xeito propio

de ser e estar no mundo, e é imprescindible asumir ese papel educativo insustituible. É evidente que cada familia fai o que considera mellor para a súa filla ou fillo. Regalar é un acto social fermoso e non podemos deixar que as nenas e nenos aborrezan de "recibir" sen medida e deixen de darlle valor.

Que podemos facer?

Non se trata de non darlles xoguetes, trátase de facelo con sentido común: valorar os brinquedos artesanais, reducir a cantidade de agasallos, reflexionar e

comprobar que son fabricados desde a ética social e de consumo, organizarnos co resto da familia para facer regalos conxuntos...

Lembra que o mellor xoguete é o que se fai coas mans e o mellor agasallo, pasar tempo xuntos.